

RESOLUCIÓN do 30 de xullo de 2025, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se publica a resolución das solicitudes de subvención da Orde do 27 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento DE402B)

Antecedentes

No Diario Oficial de Galicia número 110 do 11 de xuño de 2025 publicouse a Orde do 27 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento DE402B).

Unha vez pechado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano instructor remite aqueles expedientes administrativos que cumpren todos os requisitos e reúnen toda a documentación necesaria á comisión encargada da súa valoración. O 23 de xullo de 2025 tivo lugar a Comisión de Valoración, que emite o seu informe cunha relación das solicitudes presentadas e admitidas ordenadas por orde de prelación de maior a menor puntuación en aplicación dos criterios de baremación establecidos no artigo 9º das bases reguladoras, e a proposta de concesión de conformidade co crédito asignado á convocatoria.

O 29 de xullo de 2025, non figurando no procedemento outros feitos nin outras alegacións ou probas que as achegadas polos interesados, a Secretaría Xeral para o Deporte formulou proposta de resolución definitiva.

A concesión destas subvencións será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 05.02.441A.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, ata un importe máximo de 448.623 €.

Consideracións legais e técnicas

Primeira.- De conformidade co artigo 11º das bases reguladoras, a Subdirección Xeral de Plans e Programas como órgano competente para a instrución do procedemento elevou informe técnico de valoración e a proposta de concesión de subvencións, conforme a todo o actuado, á persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte, que é o órgano competente para a resolución do procedemento

Segunda.- Por tratarse dun procedemento de concorrència competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada, sen prexuízo desta. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte <https://deporte.xunta.gal>.

Terceira.- Acreditadas as actuacións levadas a cabo pola Comisión de valoración á que se refiren os artigos 8 e 9 da Orde do 27 de maio de 2025, e con base na proposta formulada pola Secretaría Xeral para o Deporte, do 29 de xullo de 2025, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e en virtude das atribucións que me foron conferidas, e previa fiscalización favorable do expediente de gasto pola Intervención delegada da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

RESOLVO:

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela
subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal



Primeiro.- Conceder as subvencións ás Federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva que se recollen no anexo I desta resolución, ordenadas por orde decrecente dos puntos acadados. No anexo determínase o número de expediente, a entidade beneficiaria, o NIF, a actuación a desenvolver, a puntuación outorgada e a contía da axuda.

De conformidade co artigo 1º da orde de convocatoria o importe da subvención será o 100 % do orzamento de gasto subvencionable de acordo co proxecto presentado e aprobado. Os importes subvencionables que exceden o máximo de subvención por beneficiario de 18.000€ establecido no artigo 1.3 da convocatoria, e que ascenden a un total de 20.719,16€, se incorporan á proposta de subvención ao haber dispoñibilidade de crédito, en virtude do establecido no citado artigo para o caso de que non se esgote o crédito: “Non obstante, se en función das solicitudes admitidas non se esgota o crédito dispoñible, poderá incrementarse proporcionalmente a contía da axuda máxima por entidade beneficiaria, con base nos proxectos presentados”.

Segundo.- Exclúese a Federación Galega de Ciclismo, ao contar cunha inhabilitación para a obtención de subvencións motivada pola imposición dunha sanción non pecuniaria pola Deputación Provincial de A Coruña consistente na perda da posibilidade de obter outras subvencións por un prazo de catro anos e outra de prohibición de contratar coa esa Administración por igual período de tempo. A resolución pola que se impoñe a sanción é do 24/9/2022. Esta exclusión está condicionada ao resultado da consulta elevada aos servizos xurídicos da consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, sobre os efectos de dita sanción no ámbito das demais administracións públicas.

Terceiro.- De conformidade co artigo 15 das bases reguladoras desta convocatoria, prevese o pagamento con carácter anticipado como financiamento necesario para o desenvolvemento das actuacións obxecto de subvención, de acordo co seguinte réxime de pagamentos:

- Un primeiro pagamento de ata o 80 % da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo, por solicitude da entidade beneficiaria, segundo o anexo III, unha vez realizada a notificación da subvención e logo da aceptación expresa desta.
- Un segundo pagamento que, como máximo, poderá ser equivalente á porcentaxe restante, que se fará efectivo unha vez xustificada a totalidade da subvención.

Cuarto.- De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a documentación xustificativa da subvención, prevista no artigo 16º das bases reguladoras, ata o 15 de outubro de 2025.

Quinto.- As entidades beneficiarias deberán desenvolver o Plan Corresponsables para a habilitación de servizos de coidado profesional de nenas, nenos e mozas e mozos de ata 16 anos, desenvolvendo actividades de animación sociodeportiva, de acordo coas condicións de execución establecidas nos artigos 3º e 10º das bases reguladoras (anexo I da Orde do 27 de maio de 2025).

Sexto.- De conformidade co artigo 17º das bases reguladoras, as entidades que resulten beneficiarias das subvencións concedidas ao abeiro desta orde estarán obrigadas a cumprir o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e especificamente:

a) A aplicación pública da imaxe corporativa da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do Plan Corresponsables, do Ministerio de Igualdade e da Secretaría de Estado de Igualdade e e para a Erradicación da Violencia contra as Mulleres.

b) Conservar, nos seguintes catro anos, os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

c) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



d) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro das actividades subvencionadas por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas.

e) A comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Así mesmo, a comunicar a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención.

f) A reintegrar os fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 17 destas bases.

g) A adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte.

h) Garantir os dereitos lingüísticos de todas as persoas, empregando o galego e o castelán nas súas comunicacións.

A resolución ditada ao abeiro desta convocatoria porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as entidades interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se a resolución non for expresa, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que a resolución debería ter sido ditada.

b) Recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Santiago de Compostela,

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

P.D.(Decreto 136/2024 do 20 de maio e Orde do 12.06.2024, DOG núm 117 do 18.06.2024)

O secretario xeral para o Deporte

José Ramón Lete Lasa



ANEXO I: Subvencións concedidas

Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	ACTIVIDADES A DESENVOLVER	VALORA- CIÓN (max 100 puntos)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
DE402B-2025-0000015	FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMAN	G36690832	Actividades de animación sociodeportiva	85,00	19.804,16 €
DE402B-2025-0000006	FEDERACIÓN GALEGA DE TAEKWONDO	G15237233	Actividades de animación sociodeportiva e campus deportivo	77,55	18.000,00 €
DE402B-2025-0000010	FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO	G36040764	Actividades de animación sociodeportiva e campus deportivo	71,50	22.340,00 €
DE402B-2025-0000017	FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO	G15109267	Actividades de animación sociodeportiva e campus deportivo	67,80	17.503,20 €
DE402B-2025-0000014	FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA	G36651081	Actividades de animación sociodeportiva	67,50	18.120,00 €
DE402B-2025-0000004	FEDERACIÓN GALEGA DE SURF	G15565484	Actividades de animación sociodeportiva	62,00	12.700,00 €
DE402B-2025-0000012	FEDERACIÓN GALEGA DE FUTBOL	G15055890	Actividades de animación sociodeportiva e campus deportivo	62,00	11.200,00 €
DE402B-2025-0000013	FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO	G36630259	Actividades de animación sociodeportiva e campus deportivo	60,09	17.998,00 €
DE402B-2025-0000016	FEDERACIÓN GALEGA DE BADMINTON	G36645133	Actividades de animación sociodeportiva e campus deportivo	58,50	20.000,00 €
DE402B-2025-0000009	FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA	G15109077	Actividades de animación sociodeportiva e campus deportivo	57,50	18.000,00 €
DE402B-2025-0000003	FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS DE MESA	V15149453	Actividades de animación sociodeportiva	56,00	13.925,00 €
DE402B-2025-0000005	FEDERACIÓN GALEGA DE BOLOS	V36650133	Actividades de animación sociodeportiva	54,00	9.380,00 €
DE402B-2025-0000002	FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA	G27033737	Actividades de animación sociodeportiva	51,50	18.580,00 €
DE402B-2025-0000008	FEDERACIÓN GALEGA DE REMO	G15117385	Actividades de animación sociodeportiva	50,50	10.609,00 €
DE402B-2025-0000011	REAL FEDERACIÓN GALEGA DE VELA	G36644862	Actividades de animación sociodeportiva e campus deportivo	49,50	29.875,00 €
DE402B-2025-0000001	FEDERACIÓN GALEGA DE SQUASH	G36644680	Actividades de animación sociodeportiva	40,50	4.800,00 €
TOTAL					262.834,36 €

